

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

**9098** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 293/2003, do 7 de marzo, relativo á utilización de determinados derivados epoxídicos en materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos.* («BOE» 108, do 6-5-2003.)

Advertidos erros no Real decreto 293/2003, do 7 de marzo, relativo á utilización de determinados derivados epoxídicos en materiais e obxectos destinados a entrar en contacto con alimentos, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 6 en lingua galega, do 1 de abril de 2003, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 922, primeira columna, preámbulo, cuarto parágrafo, oitava liña, onde di: «Real decreto 442/2001, do 27 de abril», debe dicir: «Real decreto 118/2003, do 31 de xaneiro».

Na páxina 923, segunda columna, anexo I, 1.2.º, onde di: «no artigo 3 do Real decreto 2207/1994, do 16 de novembro», debe dicir: «no artigo 5 do Real decreto 118/2003, do 31 de xaneiro».

No número 2 do mesmo anexo, na mesma páxina, onde di: «anexos I e II do citado Real decreto 2207/1994, modificado polo Real decreto 1752/1998», debe dicir: «anexos I e II do citado Real decreto 118/2003».

Na páxina 923, segunda columna, anexo II, 1.2.º, onde di: «no artigo 3 do Real decreto 2207/1994, do 16 de novembro», debe dicir: «no artigo 5 do Real decreto 118/2003, do 31 de xaneiro».

No número 2 do mesmo anexo, na mesma páxina, onde di: «anexos I e II do citado Real decreto 2207/1994, modificado polo Real decreto 1752/1998», debe dicir: «anexos I e II do citado Real decreto 118/2003».

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**9447** *REAL DECRETO 500/2003, do 2 de maio, polo que se modifican parcialmente os reais decretos 1316/1992, do 30 de outubro, e 2551/1994, do 29 de decembro, no que respecta ás condicións sanitarias dos subproductos animais.* («BOE» 111, do 9-5-2003.)

Mediante os reais decretos 1316/1992, do 30 de outubro, e 2551/1994, do 29 de decembro, incorporáronse ó noso ordenamento, respectivamente, a Directiva 90/425/CEE do Consello, do 26 de xuño de 1990, relativa ós controis veterinarios e zootécnicos aplicables

nos intercambios intracomunitarios de determinados animais vivos e produtos de cara á realización do mercado interior, e a Directiva 92/118/CEE do Consello, do 17 de decembro de 1992, pola que se establecen as condicións de policía sanitaria aplicables ós intercambios e ás importacións na comunidade de produtos non sometidos, con respecto a estas condicións, ás normativas comunitarias específicas a que se refire o capítulo I do anexo A da Directiva 89/662/CEE, e, polo que se refire ós patóxenos, da Directiva 90/425/CEE.

Ambalas directivas foron modificadas, no que atinxe ás condicións sanitarias dos subproductos animais, mediante a Directiva 2002/33/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2002, polo que deben ser modificados, en consecuencia, os reais decretos 1316/1992 e 2551/1994.

Mediante este real decreto incorpórase ó noso ordenamento a citada Directiva 2002/33/CE.

Esta disposición foi sometida a consulta das comunidades autónomas e dos sectores afectados, e a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu o seu informe favorable.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de maio de 2003,

### DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro.*

O punto 8 da sección 1.ª do capítulo I do anexo A do Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro, polo que se establecen os controis veterinarios e zootécnicos aplicables nos intercambios intracomunitarios de determinados animais vivos e produtos de cara á realización do mercado interior, substitúese polo seguinte texto:

«8. Regulamento (CE) n.º 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables ós subproductos animais non destinados ó consumo humano, e normativa española dictada para a súa aplicación.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 2551/1994, do 29 de decembro.*

O Real decreto 2551/1994, do 29 de decembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal e sanitarias aplicables ós intercambios e importacións de produtos non sometidos, con respecto a estas condicións, ás normas específicas establecidas no capítulo I do anexo A do Real decreto 49/1993, do 15 de xaneiro, e, polo que se refire ós patóxenos, no Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro, queda modificado como segue:

Un. Suprímense as alíneas e) e g) do punto 1 do artigo 2.

Dous. Os puntos 1 e 2 do artigo 3 substitúense polos seguintes:

«1. Non se prohíban nin restrinxan os intercambios e importacións de produtos de orixe animal recollidos no artigo 1, por motivos de sanidade animal ou sanitarios distintos dos que resulten da aplicación deste real decreto ou da normativa comunitaria, e, en particular, das medidas de salvagarda que se adoptasen.

2. Todo novo produto de orixe animal destinado ó consumo humano, que teña autorizada en España a súa posta no mercado, só poida ser obxecto de intercambios ou de importacións unha vez que o Consello da Comunidade Europea tomase unha decisión, logo de avaliación realizada, se é o caso, de acordo co procedemento previsto na normativa comunitaria, do risco real de propagación de enfermidades transmisibles graves que se puidese derivar da circulación do produto, non só na especie da que procede o produto, senón tamén noutras especies que puidesen ser portadoras da enfermidade, converterse en foco de enfermidade ou supor un risco para a saúde humana.»

Tres. A alínea b) do punto 2 do artigo 10 substitúese polo seguinte:

«b) Proceder, salvo cando o anexo II especifique outra cousa, de establecementos que figuren nunha lista comunitaria que se elaborará conforme o procedemento previsto nas normas comunitarias.»

Catro. Suprímense os capítulos I, III e IV do anexo I.

Cinco. Substitúese o capítulo V do anexo I polo que figura no anexo A deste real decreto.

Seis. O capítulo VI do anexo I pasa a titularse «Proteínas animais elaboradas destinadas ó consumo humano», e substitúese a parte I do dito capítulo pola que figura no anexo B deste real decreto.

Sete. Suprímese a parte II, relativa ó sangue fresco e produtos sanguíneos non destinados ó consumo humano, do capítulo VII do anexo I.

Oito. Suprímense os capítulos VIII, X, XII, XIII, XIV e XV do anexo I.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 2 de maio de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno e ministro da Presidencia,  
MARIANO RAJOY BREY

## ANEXO A

### «CAPÍTULO V

**Ósos e produtos óseos (excluída a fariña de ósos), cornos e produtos córneos (excluída a fariña de hasta pulverizada), pezuños e produtos a base de pezuños (excluída a fariña de pezuño) destinados ó consumo humano**

Os intercambios e as importacións procedentes de países terceiros dos ditos produtos someteranse ás seguintes condicións:

a) Polo que se refire a intercambios, os ósos, os cornos e os pezuños someteranse ás condicións

de sanidade animal establecidas no Real decreto 110/1990, do 26 de xaneiro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal que deben reunir as carnes frescas destinadas ó comercio intracomunitario e importadas de países terceiros.

b) Polo que se refire a intercambios, os produtos óseos, os produtos córneos e os produtos a base de pezuños someteranse ás condicións de sanidade animal establecidas no Real decreto 1066/1990, do 27 de xullo, polo que se establecen os requisitos de sanidade animal que deben reunir os produtos cárnicos destinados ó comercio intracomunitario e importados de países terceiros.

c) Polo que se refire ás importacións procedentes de países terceiros, os ósos, os produtos óseos, os cornos, os produtos córneos, os pezuños e os produtos a base de pezuños someteranse ás condicións establecidas no Real decreto 110/1990.»

## ANEXO B

### «CAPÍTULO VI

#### Proteínas animais elaboradas destinadas ó consumo humano

I. Sen prexuízo de posibles restriccións impostas por mor da encefalopatía esponxiforme bovina (BSE) e das impostas á alimentación de ruminantes con proteínas de ruminantes, os intercambios e as importacións de proteínas animais elaboradas supeditaránse:

1. Polo que se refire ó comercio, á presentación do documento ou certificado establecido no Real decreto 1904/1993, do 25 de outubro, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción e comercialización de produtos cárnicos e doutros determinados produtos de orixe animal, que acredite o cumprimento dos requisitos do dito real decreto.

2. Polo que se refire ás importacións:

a) Á presentación do certificado de inspección veterinaria tal como está previsto na alínea c) do punto 2 do artigo 10, asinado polo veterinario oficial do país de orixe e que acredite que:

1.º O produto cumpre os requisitos do Real decreto 1066/1990.

2.º Se tomaron tódalas precaucións despois do tratamento para evita-la contaminación do produto tratado.

3.º Se tomaron mostras á saída do país de orixe para sometelas a probas de detección de salmonelas.

4.º Os resultados das ditas probas foron negativos.

b) Tralo control documental do certificado recollido no punto 1, á toma de mostras por parte da autoridade competente do posto de inspección fronteirizo, sen prexuízo da parte II seguinte:

1.º En cada lote de produtos presentados a granel.

2.º Por mostraxe aleatoria nos lotes de produtos envasados na fábrica de elaboración.

c) Para o despacho a libre práctica no territorio da Comunidade Europea dos lotes de proteínas animais elaboradas, á proba de que os resultados das tomas de mostras efectuadas de conformidade co punto 2.a).3.º son negativos.

3. As normas nacionais existentes no momento da publicación deste real decreto, polo que se refire ós requisitos aplicables en materia de BSE

e de tremesía (scrapie), para as proteínas de orixe animal, poderanse manter á espera dunha decisión comunitaria sobre o tipo de tratamento térmico capaz de destruí-lo axente responsable das ditas enfermidades.

Os intercambios e as importacións de fariñas de carnes e de fariñas de ósos seguirán estando sometidos ás disposicións do punto 2 do artigo 5 do Real decreto 49/1993, do 15 de xaneiro, e ás condicións de importación tal e como se definen no artigo 2.b) do Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro.»

**9448** *ORDE PRE/1114/2003, do 30 de abril, pola que se modifican os anexos II dos reais decretos 280/1994, do 18 de febreiro, e 569/1990, do 27 de abril, polos que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal e animal.* («BOE» 111, do 9-5-2003.)

Os límites máximos de residuos de praguicidas regúlanse, para os produtos de orixe vexetal e animal, polo Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polo que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal, modificado por última vez polo Real decreto 198/2000, do 11 de febreiro, e polo Real decreto 569/1990, do 27 de abril, relativo á fixación de contidos máximos de residuos de praguicidas sobre e nos produtos de orixe animal, modificado por última vez polo Real decreto 1800/1999, do 26 de novembro, respectivamente. Así mesmo, de conformidade coas disposicións derradeiras primeiras de ámbolos reais decretos, os anexos foron sucesivamente actualizados.

A Directiva 2002/97/CE, do 16 de decembro de 2002, da Comisión, fixou novos límites máximos de residuos de praguicidas (2,4-D, triasulfuron e tifensulfuron-metil) en determinados produtos de orixe vexetal, incluídas as froitas e hortalizas, cereais e nos produtos alimenticios de orixe animal, por modificación dos anexos das directivas 86/362/CEE, 86/363/CEE e 90/642/CEE, do Consello.

Por outro lado, a Directiva 2002/100/CE, do 20 de decembro de 2002, da Comisión, modificou a Directiva 90/642/CEE, do Consello, no que respecta ós contidos máximos de azoxistrobin.

Atendendo á necesidade de incorporar ó ordenamento xurídico interno as directivas 2002/97/CE e 2002/100/CE, modifícase, por un lado, o anexo II do Real decreto 280/1994, conforme o establecido na súa disposición derradeira primeira, unha vez elevada pola Comisión Conxunta de Residuos de Productos Fitosanitarios ós ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo a oportuna proposta de modificación. Así mesmo, modifícase a parte B do anexo II, do Real decreto 569/1990, de conformidade coa súa disposición derradeira primeira na redacción dada polo Real decreto 2460/1996, do 2 de decembro.

No procedemento de elaboración das disposicións afectadas foron consultados os sectores afectados e as comunidades autónomas.

Na súa virtude, logo de informe favorable da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Sanidade e Consumo, dispoño:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro.*

1. Modifícase o anexo II do Real decreto 280/1994, coa substitución dos límites máximos de residuos que nel figuran para as substancias activas azoxistrobin, 2,4-D, tifensulfuron e triasulfuron.

2. Os límites máximos de residuos fixados para as substancias activas mencionadas no número 1 deste artigo son os que figuran no anexo I desta orde.

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 569/1990, do 27 de abril.*

Modifícase a parte B do anexo II do Real decreto 569/1990, do 27 de abril, relativo á fixación de contidos máximos de residuos de praguicidas sobre e nos produtos de orixe animal, coa inclusión dos límites máximos de residuos de praguicidas para a substancia activa 2,4-D, que figuran no anexo II desta orde.

**Disposición derradeira primeira.** *Títulos competenciais.*

Esta orde dítase ó abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup>, da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre as bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

1. Os límites máximos de residuos da substancia activa azoxistrobin entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. O resto de límites máximos de residuos contidos na presente orde entrarán en vigor o 1 de xullo de 2003.

Madrid, 30 de abril de 2003.

RAJOY BREY

Excmo. Sr. ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e Excmo. Sra. ministra de Sanidade e Consumo.

#### ANEXO I

A información contida no presente anexo está agrupada por substancias activas e para cada unha de elas figura unha ficha no encabezamento da cal aparece o seu nome común ou denominación oficial e a definición do residuo, tal como corresponde no índice do anexo II do Real decreto 280/1994.

Os valores dos límites máximos de residuos (LMR) fixados para cada produto vexetal ou para cada grupo de produtos vexetais aparecen ordenados en tres columnas segundo a orde con que figuran no anexo I do Real decreto 280/1994.

A rodapé da ficha correspondente a cada substancia activa figuran as notas explicativas das indicacións ou marcas con que aparecen sinalados os nomes ou valores de LMR que contén.

De conformidade co establecido no anexo I do Real decreto 280/1994 e no número 3 do seu artigo 4, modificado polo Real decreto 198/2000, no epígrafe «12. Varios» das fichas que conteñen os LMR de cada substancia activa só aparecerán os valores dos LMR fixados especificamente para os produtos transformados, e quedan en branco nos demais casos.